

Lingua 5º / Unidade 1 / Conversamos

Actividade 1

Enunciado: Fíxate nas ilustracións e di se existe comunicación verbal ou non verbal.



Solución

Non verbal. Verbal, non verbal, verbal.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os tipos de comunicación.	Comete ata un erro ao identificar os tipos de comunicación.	Comete ata dous erros ao identificar os tipos de comunicación.	Non identifica os tipos de comunicación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Recoñece unha situación de comunicación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 2

Enunciado: 2. Que diferenza hai entre a lingua e a linguaxe?

Solución

A linguaxe é a capacidade para comunicarse, e a lingua é o conxunto de palabras, signos e regras que permiten expresar esa linguaxe.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Diferencia lingua e linguaxe.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 3

Enunciado: 4. Anxo di que hai que estudar para os exames e Ana cre que non fai falta, que chega co que se fai na clase. Que opinas ti? Escríbeo.

Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

4.1. Determina unha boa organización do lugar e do tempo de estudo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 4

Enunciado: Clasifica estas palabras segundo a súa sílaba tónica.

témpera lagar campa

funil cámara galiña

léxico carril caderno

Solución

témpera **Esdrúxula** lagar **Aguda** campá **Aguda**

funil **Aguda** cámara **Esdrúxula** galiña **Grave**

léxico **Esdrúxula** carril **Aguda** caderno **Grave**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Clasifica correctamente as palabras, sen cometer ningún erro.	Clasifica as palabras e comete menos de tres erros.	Clasifica as palabras e comete menos de seis erros.	Non clasifica correctamente as palabras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.2. Clasifica as palabras segundo a posición da sílaba tónica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia matemática.

Actividade 5

Enunciado: Que son as sílabas átonas?

Solución

As que soan con menos forza na palabra.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.2. Clasifica as palabras segundo a posición da sílaba tónica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia matemática.

Actividade 6

Enunciado: Completa a táboa.

SINÓNIMO		ANTÓNIMO
	seguir	
	doado	
	engadir	
	comezo	
	vello	

Solución

SINÓNIMO		ANTÓNIMO
Suceder, continuar	seguir	Anteceder, parar, preceder
Fácil, sinxelo	doado	Difícil
Agregar	engadir	Restar
Inicio	comezo	Remate, fin

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

5.2. Identifica antónimos e sinónimos dunha palabra dada.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 7

Enunciado: Indica a que parte da carta formal corresponden estes fragmentos.

Dona Ana Sande Naceiras, Directora
do departamento de lingua

Avda. San Simón n.º 12

Dirixome a vostede para
presentarlle as novidades
editoriais en lingua galega.

- Que partes da carta formal faltan:

Solución

Destinatario e enderezo

Saúdo e encabezamento

Data, asunto, despedida e sinatura.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Identifica as características dunha carta formal.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 8

Enunciado: Escribe unha carta formal para solicitar que no colexio se poida facer un novo pavillón.

Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.2. Redacta unha carta formal.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 9

Enunciado:

Indica cal é o texto literario e o non literario.

As noites de verán acostumo ir pasear pola beira do mar. Gústame sentir a brisa e contemplar como as ondas baten na praia.	Paseaba unha estrelada noite de verán preto da beira do mar mentres as ondas acariñaban a area e a brisa traía murmurios de terras afastadas
--	--

Solución

Texto non literario. Texto literario.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Discrimina textos literarios dos non literarios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Conciencia cultural e artística.

Actividade 10

Enunciado: Completa o texto.

As primeiras manifestacións escritas da literatura galega son as _____ que datan de finais do _____. Estas composicións, que teñen a súa orixe _____, transmítese de xeito _____ ao longo dos séculos, e poden pasar á _____.

Solución

As primeiras manifestacións escritas da literatura galega son as **cantigas** que datan de finais do **s. XIII**. Estas composicións, que teñen a súa orixe nos tempos **prehistóricos**, transmítese de xeito **oral** ao longo dos séculos, e poden pasar á **escrita**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Coñece as orixes da lingua galega.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Conciencia cultural e artística.